

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**4914** *Real decreto 449/2020, do 10 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, co fin de modernizar os seus requisitos e efectos.*

O Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, traspón á lexislación española o Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para o persoal dos buques pesqueiros, 1995 (STCWF/1995), e recolle os requisitos para a obtención dos títulos, as atribucións destes nos buques de pesca, as súas capacidades en buques de acuicultura, os referendos de títulos doutros países e unha ampla variedade de asuntos relativos aos títulos de pesca que agora se modifican co fin de modernizar e flexibilizar as súas exixencias.

Até o momento, a normativa interna española veu sendo máis restritiva que a exixida internacionalmente, de modo que se incrementaron as atribucións dos patróns de altura, dos patróns de pesca litoral, do patrón costeiro polivalente, do patrón local de pesca e do mecánico naval, reordenando os seus requisitos de obtención, co fin de adecuarse á nova realidade do sector e aos avances tecnolóxicos que houbo nos últimos anos.

En primeiro lugar, hai que ter en conta que a expansión da acuicultura no noso país levou a que se multiplique o número de buques dedicados ás ditas faenas, co que, en moitos casos, a estreita conexión existente nun principio entre a acuicultura e a pesca se relaxou con isto moitos profesionais acuícolas non chegan hoxe a embarcarse nunca nun buque pesqueiro pois a súa actividade limítase ao ámbito dos cultivos mariños. Porén, seguen sendo os titulados náutico-pesqueiros os encargados de que a nosa frota acuícola, e en xeral toda a inscrita na cuarta lista do Rexistro de Matrícula de Buques, poida manterse operativa. Este feito comporta que o obrigatorio requisito de presentar días de embarque nun buque de pesca para a obtención dun título profesional resulte, en moitos casos, inasumible para os profesionais dedicados á cría de recursos vivos mariños.

Por isto, considérase apropiado permitir o mando dos ditos buques, sempre que estes sexan de eslora inferior a 24 metros e se despracen por augas próximas á costa, aos posuidores do título de patrón costeiro polivalente. Así, mediante a modificación hoxe proposta, preténdese dar acceso aos acuicultores ao mando dos seus propios buques, sen ter que depender para isto do grao de experiencia especificamente pesqueira que adquirisen.

En segundo lugar, a forte redución de unidades experimentada pola frota pesqueira española foi acompañada dunha internacionalización das nosas empresas pesqueiras, cuxos buques, malia levaren bandeiras doutros Estados, seguen nutréndose de titulados pesqueiros españoles, o que comportou que numerosos profesionais españois se achen hoxe embarcados en buques tanto de Estados membros do Espazo Económico Europeo como de terceiros países. É dicir, produciuse unha diminución da frota nacional, que foi acompañada dunha internacionalización das nosas empresas e, por conseguinte, do ámbito laboral dos nosos profesionais pesqueiros. Ao mesmo tempo que acontecía o proceso descrito anteriormente, veuse rexistrando unha escaseza de titulados nos buques de bandeira española que ameaza con poder chegar a paralizar a actividade de determinados segmentos da frota.

O sinalado no parágrafo anterior fai que sexa adecuado eliminar o tradicional requisito de ter efectuado o período de embarque nun buque nacional para a obtención do título de capitán de pesca e que se acepten os embarques realizados en buques con pavillón doutros países. Ao mesmo tempo, é aconsellable acurtar a eslora requirida para que un período de embarque sexa válido. Ademais, para paliar a escaseza de titulados que afecta a nosa frota pesqueira, resulta conveniente ampliar as atribucións destes profesionais,

tendo este asunto un carácter tan prioritario como extenso no contido da presente norma, todo isto dentro dun absoluto respecto ás disposicións recollidas no STCWF/1995.

En terceiro lugar, debe terse en conta que a antiga titulación de mecánico de litoral serviu durante décadas para exercer como xefe de máquinas na frota de potencia inferior aos 180 quilowatts; o actual incremento de potencia dos buques, xunto coa experiencia adquirida por estes titulados, aconsella que, cando os ditos profesionais acrediten un determinado número de anos de experiencia na máquina dos buques e se achen en posesión do título de patrón de segunda clase de pesca litoral, poidan trocar os seus títulos polo de patrón costeiro polivalente.

En cuarto lugar, procédese a outra serie de modernizacións do réxime de títulos, como son a redución da eslora necesaria dos buques en que se acredite embarque para os efectos de poder obter o título de capitán de pesca, de modo que os 600 días que exige a normativa se poderán realizar en buques de pesca de ao menos 18 metros en lugar dos 30 metros que até agora se viñan exixindo, ou a ampliación das atribucións do título de patrón costeiro equivalente, ampliando as embarcacións en que pode exercer como primeiro oficial de máquinas, que pasan a ser as de potencia inferior a 750 quilowatts (antes eran 550), en paralelo ao patrón local de pesca, que as amplía de 180 a 250 quilowatts. Adicionalmente, parece adecuado efectuar algunhas modificacións nas disposicións adicionais do Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, para facilitar unha aplicación uniforme destas ao longo de todo o litoral español.

Por último, como corolario destas modificacións, a norma incorpora por primeira vez o concepto de augas limitadas recollido no STCWF/1995. A Administración española nunca o definira nin sinalara a súa extensión. Porén, a ampliación de atribucións dos títulos de pesca prevista na presente norma aconsella establecer unha definición das ditas augas para, seguindo o modelo establecido na normativa internacional, ligar determinados títulos á extensión destas.

Xunto con estas modificacións, o real decreto actualiza algúns outros aspectos da normativa de 2014. Por unha parte, a Resolución do 8 de abril de 2019, da Secretaría de Estado de Migracións, pola que se publica o Acordo que aproba as instrucións polas que se determina o procedemento para a concesión de autorizacións de residencia e traballo de nacionais de terceiros países enrolados en buques pesqueiros de pavillón español que pesquen fóra da zona económica exclusiva de España, e do mar Mediterráneo, sen que exista acordo internacional de pesca, recolle medidas para facilitar a incorporación de profesionais estranxeiros á frota pesqueira española e prevé, ademais, a posibilidade de que se acepten certificados médicos expedidos por outros países. Por isto, cómpre modificar o contido do artigo 13 do Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, para eliminar a obriga de dispor dun certificado médico de aptitude expedido polo Instituto Social da Mariña para embarcar como tripulante nun buque de pesca español.

Por outra parte, o punto 2 da regra VIII/1 do Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar de 1978 establece que as administracións deben adoptar medidas adecuadas para previr o consumo de drogas e alcohol a bordo dos buques. Ben que é certo que a dita norma internacional non é de aplicación aos buques de pesca, non é menos certo que é aconsellable adoptar medidas sobre o asunto que afecten os tripulantes da frota pesqueira española que teñen asignadas tarefas relacionadas coa seguridade, a protección e o ambiente mariño e, por tal motivo, incorpórase unha regulación para tal efecto.

Polo demais, considérase que a loita da Administración española contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR), debe estenderse tamén ao ámbito dos títulos de pesca e, por isto, parece adecuado adoptar medidas que impidan que os días de embarque realizados en buques que se dediquen á pesca INDNR, ou que teñan o pavillón de Estados que non loiten contra ela, poidan ser utilizados para a obtención de títulos españois.

Así mesmo, é habitual que os buques da frota artesanal, cando se desprazan entre illas da mesma comunidade autónoma, ou mesmo da mesma provincia marítima, poidan chegar a afastarse máis de 12 millas da costa. Considérase conveniente facilitar a

movibilidade dos ditos buques nas súas navegacións interinsulares motivadas polo seguimento dos cardumes de pesca, de tal forma que o título requirido ao patrón non sexa un impedimento para a persecución dos bancos de peixes cando estes transitan entre as diferentes illas dunha comunidade autónoma.

Para levar a cabo os obxectivos anteriores, o presente real decreto modifica os artigos do Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, que se citan a continuación: artigo 2, definicións; artigo 5.1, capitán de pesca, letra c); artigo 6.2, patrón de altura, letra b); artigo 7.2, patrón de litoral, letras a) e b); artigo 8.2, patrón costeiro polivalente; artigo 9.2, patrón local de pesca; artigo 11.2, mecánico naval, letras e) e f); artigo 13, do recoñecemento médico de embarque marítimo; artigo 16, acreditación dos períodos de embarque; disposición adicional segunda, titulados de máquinas da mariña mercante; disposición adicional quinta, títulos pesqueiros de máquinas obtidos de conformidade coa lexislación anterior á publicación do Real decreto 930/1988, número 2; disposición adicional sexta, títulos menores de ponte e máquinas obtidos de conformidade coa lexislación anterior á publicación do Real decreto 662/1997, números 1 e 3; disposición adicional décimo primeira, atribucións dos titulados náutico-pesqueiros en buques ou embarcacións auxiliares de pesca ou de actividades de acuicultura, e disposición adicional décimo segunda, validación de estudos. Adicionalmente, engádese ao Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, un artigo 32 relativo ao límite de alcohol en sangue.

Por último, e dada a actual repartición constitucional de competencias, en que se transferiron ás comunidades autónomas as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino profesional náutico-pesqueiro, faise necesario derogar o Decreto 625/1966, do 10 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento das escolas oficiais de náutica e de formación profesional náutico-pesqueira, no que afecta as escolas de formación profesional náutico-pesqueira. Esta norma xa fora parcialmente derogada na parte que afecta as antigas escolas oficiais de náutica mediante o Real decreto 1522/1988, do 2 de setembro, sobre integración das ensinanzas superiores da mariña civil na universidade, sempre que se opuxera ao disposto nel, e agora procédese á súa completa supresión e mellórase, así mesmo, a seguridade xurídica para os operadores.

Este real decreto someteuse a trámite de audiencia das asociacións profesionais e sindicais máis representativas dos armadores e traballadores de buques pesqueiros. Así mesmo, consultáronse as comunidades autónomas con litoral e someteuse ao trámite de audiencia e información pública de acordo co disposto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, esta norma adecúase a eles pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas innecesarias.

O presente real decreto dítase en virtude do establecido no artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúen ás comunidades autónomas; do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, e en virtude do establecido no artigo 42 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, que establece que o Goberno, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, regulará as titulacións dos profesionais do sector, no marco do sistema educativo xeral, establecendo os requisitos de idoneidade e as atribucións profesionais correspondentes a cada título, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Transportes, Movibilidade e Axenda Urbana.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de marzo de 2020,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.*

O Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, queda modificado do seguinte modo:

Un. Cámbiase ou suprímese, respectivamente, o contido dos puntos do artigo 2 que se detallan a continuación:

«2.18 Liñas de base rectas: as definidas como tales na Lei 10/1977, do 4 de xaneiro, sobre o mar territorial, e cuxa delimitación figura no Real decreto 2510/1977, do 5 de agosto, de augas xurisdiccionais, liñas de base rectas para a súa delimitación.»

«2.33 Augas limitadas: as comprendidas entre as liñas de base rectas e a distancia de 100 millas paralela a estas. Onde as ditas liñas de base rectas non estean definidas, a medición efectuarase desde a liña de costa marcada pola baixamar escorada.»

2.35 Suprímese.

2.36 Suprímese.

2.37 Suprímese.

Dous. A letra c) do artigo 5.1 queda redactada como segue:

«c) Ter cumpridos 600 días de embarque como capitán ou oficial de ponte en buques de pesca de eslora superior a 18 metros; 300 destes días deben terse realizado tras a obtención do título de patrón de altura ou patrón de pesca de altura.»

Tres. A letra b) do artigo 6.2 queda redactada como segue:

«b) Exercer como capitán ou patrón en buques de pesca de eslora non superior a 70 metros, sempre que, ademais dos requisitos establecidos no punto 1 do presente artigo, cumprise un período de embarque non inferior a 12 meses como oficial de ponte, capitán ou patrón en buques de pesca de eslora non inferior a 18 metros. No caso de que o citado período de embarque sexa realizado en buques de eslora superior a 12 metros pero inferior a 18, só poderá exercer como capitán en buques de pesca de eslora non superior a 42 metros.»

Catro. As letras a) e b) do artigo 7.2 quedan redactadas como segue:

«a) Exercer como primeiro oficial de ponte en buques de pesca de eslora non superior a 70 metros. Ademais, poderá exercer como oficial de ponte en calquera buque de pesca.

b) Exercer como capitán ou patrón en buques de pesca de eslora non superior a 42 metros, dentro da zona comprendida entre os paralelos 55° N e 5° N e os meridianos 35° O e 30° L, sempre que cumprise un período de embarque non inferior a 12 meses como oficial de ponte en buques pesqueiros de eslora non inferior a 12 metros.»

Cinco. O artigo 8.2 queda redactado como segue:

«2. Atribucións.

a) Exercer como capitán ou patrón de buques de até 32 metros de eslora nas augas limitadas.

Para poder exercer a función de capitán prevista no presente número, o interesado debe ter cumprido un período de embarque non inferior a 12 meses como oficial de ponte ou patrón en buques pesqueiros de eslora non inferior a 12 metros.

b) Exercer como capitán ou patrón e xefe de máquinas, en buques de até 26 metros de eslora e 550 quilowatts de potencia efectiva da máquina até unha distancia de 60 millas da costa española. A base para o cálculo da dita distancia serán as liñas de base rectas e, onde estas non estean definidas, a distancia medirase desde a liña de costa marcada pola baixamar escorada.

Para poder exercer a función de capitán prevista no presente número, o interesado debe ter cumprido un período de embarque non inferior a 12 meses como oficial encargado da garda de navegación ou patrón en buques pesqueiros de eslora non inferior a 12 metros.

c) Exercer como primeiro oficial ou oficial de ponte en calquera buque pesqueiro nas augas limitadas.

d) Exercer como xefe de máquinas en buques de pesca de potencia propulsora inferior a 750 quilowatts.

e) Exercer como primeiro oficial de máquinas en buques de pesca de potencia inferior a 750 quilowatts e como oficial de máquinas en calquera buque de pesca.

f) Exercer como primeiro oficial de ponte en buques cuxo mando corresponda a un patrón de litoral. Para poder levar a cabo esta función deberá superar o curso que, se for o caso, establecerá o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para conseguir que os patróns costeiros polivalentes alcancen os coñecementos requiridos na regra II/2 do Convenio STCW/1995.»

Seis. O artigo 9.2 queda redactado como segue:

«2. Atribucións.

a) Capitán ou patrón e xefe de máquinas, en buques de pesca de até 16 metros de eslora e 140 quilowatts de potencia, até unha distancia non superior a 12 millas das liñas de base rectas e onde estas non estean definidas desde a liña de costa marcada pola baixamar escorada. No caso de desprazamentos entre illas da Comunidade Autónoma das Illes Balears ou da Comunidade Autónoma de Canarias, poderá superarse a dita distancia sempre que o buque non se afaste máis de 30 millas das liñas de base rectas ou, onde as ditas liñas non estean definidas, da liña de costa determinada pola baixamar escorada.

b) Primeiro oficial de ponte en buques de pesca de eslora inferior a 24 metros até unha distancia non superior a 60 millas das liñas de base rectas ou, onde as ditas liñas non estean definidas, da liña de costa determinada pola baixamar escorada.

c) Xefe de máquinas en buques de pesca de até 250 quilowatts de potencia.»

Sete. As letras e) e f) do artigo 11.2 quedan redactadas como segue:

«e) Exercer como xefe de máquinas en buques de pesca de potencia propulsora igual ou inferior a 1.400 quilowatts. Para isto, ademais de cumprir os requisitos establecidos no punto 1 deste artigo, deberá acreditar un período de embarque de 24 meses, dos cales doce deben ter sido realizados como primeiro oficial de máquinas.

f) Exercer como xefe de máquinas en buques de pesca de até 2.000 quilowatts de potencia e como primeiro oficial de máquinas en buques de pesca sen limitación, sempre que superase o curso previsto no artigo 4 da Orde APM/243/2018, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.»

Oito. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 13, que queda redactado como segue:

«O recoñecemento médico de embarque marítimo establecido no Real decreto 1696/2007, do 14 de decembro, polo que se regulan os recoñecementos médicos de embarque marítimo, poderá utilizarse para acreditar que o interesado goza da aptitude física necesaria para a obtención dun título profesional de pesca. Os certificados médicos de aptitude para o embarque que sexan considerados polo Instituto Social da Mariña como equivalentes ao recoñecemento médico de embarque tamén poderán ser utilizados para a obtención de títulos de pesca.»

Nove. Engádesse un número 2 ao artigo 16 coa seguinte redacción:

«2. En ningún caso se aceptarán para a obtención de títulos días de embarque realizados en buques que se encontren en calquera dos dous supostos seguintes:

- a) Que figuren na lista da Unión Europea de buques de pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.
- b) Que enarboren o pavillón de países identificados pola Comisión Europea como non cooperantes na loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.»

Dez. Engádesse un artigo 32 coa seguinte redacción.

«Artigo 32. *Límite de alcohol en sangue.*

Fíxase un límite non superior a 0,05 % de nivel de alcohol en sangue, ou 0,25 mg/l de alcohol en alento, ou unha cantidade de alcohol que leva a dita concentración para capitáns e oficiais e para outros membros da tripulación que desenvolvan funcións relacionadas coa seguridade, a protección e o ambiente mariño.»

Once. A disposición adicional segunda queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Titulados de máquinas da mariña mercante española.*

Os xefes e oficiais de máquinas da mariña mercante poderán exercer as atribucións que lles concede a súa titulación para buques mercantes nos buques de pesca. Non obstante, previamente ao seu embarque, deberán acreditar ante a comunidade autónoma ou, se for o caso, ante o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, que se achan en posesión dunha tarxeta profesional de máquinas da mariña mercante, para efectos de seren incluídos no Rexistro de Profesionais do Sector Pesqueiro. Só os titulados da mariña mercante que se achen no citado rexistro poderán exercer as súas funcións en buques de pesca. A Secretaría Xeral de Pesca e a Dirección Xeral da Mariña Mercante elaborarán os protocolos necesarios para comunicación automática, por medios informáticos, para incorporar ao dito rexistro os titulados de máquinas da mariña mercante. Até que non se habiliten os medios informáticos, a Dirección Xeral da Mariña Mercante informará mensualmente mediante soporte electrónico dos titulados existentes.»

Doce. O número 2 da disposición adicional quinta queda redactado como segue.

«2. Os posuidores do título de mecánico naval de segunda clase poderán obter o título de mecánico naval se acreditan ter navegado exercendo de oficial de máquinas en buques civís de máis de 300 quilowatts de potencia, durante un período non inferior a 24 meses, con posterioridade á obtención do título de mecánico naval de segunda clase. O seu actual título de mecánico naval de segunda clase habilitaos para exercer como xefe de máquinas e como primeiro oficial de máquinas en buques de potencia inferior a 750 quilowatts e como oficial de máquinas sen limitación ningunha.»

Trece. O número 1 da disposición adicional sexta queda redactado como segue.

«1. Os posuidores dos títulos de patrón de segunda clase de pesca litoral, patrón de pesca local e mecánico de litoral manterán as atribucións que lles confería a normativa anterior á publicación deste real decreto. Ademais, concédenselles as seguintes atribucións:

a) Patrón de segunda clase de pesca litoral:

1.º Exercer o mando de buques pesqueiros de até 32 metros nas augas limitadas.

2.º Enrolarse como primeiro oficial ou oficial en calquera buque de pesca nas augas limitadas.

b) Patrón de pesca local:

1.º Exercer como capitán ou patrón en buques de pesca de até 16 metros de eslora até unha distancia á costa non superior a 12 millas. A base para o cálculo da dita distancia será a establecida na letra a) do artigo 9.2 deste real decreto.

2.º Enrolarse como primeiro oficial de ponte en buques pesqueiros de eslora inferior a 24 metros até unha distancia á costa de 60 millas. A base para o cálculo da dita distancia será a establecida na letra a) do artigo 9.2 deste real decreto.

c) Mecánico de litoral:

1.º Xefe de máquinas en buques pesqueiros de até 250 quilowatts de potencia.

2.º Exercer de primeiro oficial de máquinas en buques pesqueiros cuxa xefatura corresponda a un patrón costeiro polivalente.»

Catorce. Engádesse ao número 3 da disposición adicional sexta unha letra f) co seguinte contido:

«f) Os que se achen en posesión do título de mecánico de litoral e acrediten cinco anos de navegación, dos cales ao menos dous se realizasen exercendo ao abeiro do dito título, terán validado o módulo de máquinas do título de patrón costeiro polivalente.»

Quince. Modifícase a disposición adicional décimo primeira, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. *Atribucións dos titulados de pesca noutros buques relacionados coa actividade pesqueira.*

1. Os posuidores dos títulos establecidos no artigo 4 desta norma terán nos buques auxiliares de pesca, de actividades de acuicultura, de investigación pesqueira e de prácticas utilizados polas escolas náutico-pesqueiras as mesmas atribucións que lles concede o presente real decreto para os buques de pesca.

2. Os posuidores do título de patrón costeiro polivalente con restrición de mando poderán exercer como capitán e/ou xefe de máquinas en buques de acuicultura de eslora inferior a 24 metros e 550 quilowatts de potencia, sempre que non se afasten máis de 6 millas das liñas de base rectas ou, onde as ditas liñas non fosen definidas, da liña de costa determinada pola baixamar escorada.»

Dezaseis. Engádense os números 3, 4 e 5 á disposición adicional décimo segunda, co seguinte contido:

«3. O alumnado que supere os exames necesarios para a obtención do título de patrón costeiro polivalente terá validado o exame necesario para a obtención do título de patrón local de pesca.

4. O alumnado que supere a formación académica necesaria para a obtención dos títulos de patrón de litoral ou patrón de altura terá validada a sección de ponte dos títulos de patrón costeiro polivalente e patrón local de pesca.

5. O alumnado que supere a formación académica necesaria para a obtención dos títulos de mecánico naval maior ou mecánico naval terá validada a sección de máquinas dos títulos de patrón costeiro polivalente e patrón local de pesca.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido no presente real decreto e, concretamente, o Decreto 625/1966, do 10 de febreiro, polo que se aproba o regulamento das escolas oficiais de náutica e de formación profesional náutico-pesqueira, no que afecta as escolas de formación profesional náutico-pesqueira.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de marzo de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES